



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

ACTA

ÓRGANO COLEXIADO	PLENO	
TIPO DE SESIÓN	EXTRAORDINARIA	
LUGAR	SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE BOIMORTO	
DATA	07.02.2022	
HORARIO INICIO	14:00 H.	
HORA FINALIZACIÓN	14:27 H	
ASISTENTES		
PP	CONCELLEIROS ELECTOS	DNI
	Dna. María Jesús Novo Gómez	44814623C
	Dna. Patricia Taboada García	47374521H
	D. Manuel José Nieto Sesar	79332926S
	D. Jesús José Fernández García*	45908046T
	-----	-----
	D. Javier Costoya Souto	79329690E
PSOE	Dna. Sandra Sánchez Iñiguez	79336069F
	Dna. Ana Ledo Fernández	36150633S
	D. José Antonio Somoza Enjamio	22746836C
BNG	D. José Luís Rivas Cruz	33804443D
	Dna Ana María Aguión Sandá	78793953R*
AUSENTES		
PP	Dna. Fátima Espiño Lojo	49206076Z
SECRETARIO: D. Jorge Boado Fernández		
ORDE DO DÍA		
1. Proposta de aprobación da solicitude do plan POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña.		
2. Proposta de aprobación da solicitude do plan POS+Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.		
* Se incorpora a sesión as 14:14 horas.		

No Salón de plenos da Casa do Concello de Boimorto, sendo a hora e data indicada, reúnen-se, previamente convocados ao efecto, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 26.05.2019.

Acto seguido dáse comezo a sesión e procédese ao tratamento dos puntos da orde do día:

1.- Proposta de aprobación da solicitude do plan POS+2022 da Deputación Provincial da Coruña.


Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO:	APROBACIÓN SOLICITUDE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2022”
	ANEXO I

Vista a circular da Deputación Provincial de A Coruña con entrada neste concello en decembro de 2021 para elaborar o POS+ 2022 (Plan único de Concellos).





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Redactados en xaneiro de 2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro Colexiado nº 22.992 e polo enxeñeiro técnico industrial D. Pablo Rojo Losada Colexiado nº 2.525 os proxectos e prego de prescricións técnicas que se contemplan no presente acordo.

En consecuencia do exposto, elevo ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	164.866,01
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Denominación da obra ou subministración					
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostíbeis)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Denominación da obra ou subministración					
MELLORA DO FIRME EN ACCESO A O OUTEIRO E OUTROS	118.026,71	0	0	0	118.026,71
Subtotal investimentos achega provincial 2021	118.026,71	0	0	0	118.026,71

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C Redución de débeda con entidades financeiras:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

legalmente sexan necesarias.

4.- *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.*

5.- *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

6.- *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

7.- *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

8.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”*

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura a quenda de intervencións respecto do punto en cuestión.

Nese intre incorpórase a sesión, sendo as 14:14 h. a concelleira do grupo municipal do BNG, Dna Ana María Aguión Sandá.

O concelleiro D. José Luís Rivas Cruz, pregunta ¿Entón este ano para gasto corrente qué hai 164.000 euros? ¿ E para investimento 118.000 euros ? Parécenos pouco investimento... A obra de Ponteboado xa era hora, urxe moito actuar, non se debería demorar moito...

A Alcaldía - Presidencia indica que efectivamente a asignación do POS+2022 para o noso concello este ano ascende a 295.257,67 euros, dos cales 164.866,01 conforman a parte da asignación de achega provincial de 2022 e son os que se van destinar a gasto corrente; 118.026,71 conforman a parte da asignación de achega do 2021 e que son os que se van a empregar en investimento e finalmente restan 12.364,95 que son a parte da asignación destinado a préstamo provincial de 2022 e que non se vai solicitar. Indicar que este ano a asignación do POS é un 30% inferior as asignacións dos anos anteriores e que o feito que se destine un importe importante a gasto corrente é debido a que somos un concello que dende fai moitos anos apostamos pola xestión directa dos servizos, o cal implica un esforzo importante de xestión e de gasto corrente, pero tamén un gran aforro económico para o concello. Finalmente indicar que efectivamente o investimento na Ponteboado vai incluído no POS COMPLEMENTARIO, que esperamos que nos concedan a axuda máis adiante, durante o ano. No complementario van incluída esa actuación o as demais que se relacionan, esperamos que nos concedan as máximas posibles.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR: (5)**
 - Dna. María Jesús Novo Gómez; Dna. Patricia Taboada García; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; D. Javier Costoya Souto. (5)
- **ABSTENCIÓN: (5)**
 - Dna. Sandra Sánchez Iñiguez; D. José Antonio Somoza Enjamio e Dna. Ana Ledo Fernández (3)
 - D. José Luís Rivas Cruz; Dna Ana María Aguión Sandá (2)
- **EN CONTRA: (0)**

“ACORDO



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

ASUNTO:	APROBACIÓN SOLICITUDE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022"
	ANEXO I

Vista a circular da Deputación Provincial de A Coruña con entrada neste concello en decembro de 2021 para elaborar o POS+ 2022 (Plan único de Concellos).

Redactados en xaneiro de 2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro colexiado nº 22.992 e polo enxeñeiro técnico industrial D. Pablo Rojo Losada colexiado nº 2.525 os proxectos e prego de prescricións técnicas que se contemplan no presente acordo.

En consecuencia do exposto, elevo ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":


A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	164.866,01
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Denominación da obra ou subministración					
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Denominación da obra ou subministración					
MELLORA DO FIRME EN ACCESO A O OUTEIRO E OUTROS	118.026,71	0	0	0	118.026,71





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Subtotal investimentos achega provincial 2021	118.026,71	0	0	0	118.026,71
---	------------	---	---	---	------------

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

E Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello		Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	164.866,01		164.866,01
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)			
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022			
	Achega 2021	118.026,71		118.026,71
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022			
	Achega 2022			
	Achega 2021			
	Préstamo 2022			
	TOTAL	282.892,72		282.892,72

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
MELLORA DE MARXES EN PONTEBOADO E OUTRAS	83.600,99		
MELLORA DO FIRME DA PISTA CASTRO-PROENTE E OUTRAS	52.120,99		
MELLORA DO FIRME E DRENAXE DA PISTA A VILANOVA E OUTRAS	74.500,00		



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

PREGO DE PRESCRICIÓN PARA: SUBMINISTRO DE SINALIZACIÓN NO NÚCLEO DE BOIMORTO E OUTROS LUGARES	21.817,78		
SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE PUNTOS DE LUZ ENTORNO PARQUE DE GANDARA	30.076,73		
TOTAIS	262.116,49		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

2. Proposta de aprobación da solicitude do plan POS+Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO:	APROBACIÓN SOLICITUDE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2022"
---------	--

Vista a circular da Deputación Provincial de A Coruña con entrada neste concello en decembro de 2021 para elaborar o POS+ ADICIONAL 1/2022 (Plan único de Concellos).

Tendo presente o informe da intervención sobre gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

En consecuencia do exposto, elevo ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	57703,11
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	57703,11



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)


Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

(Obligación de información por parte dos grupos locais que o concello auxilie e financieiramente con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	4.000,00 €		4.000,00 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	41.414,18 €		41.414,18 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	11.524,21 €		11.524,21 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.			0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	56.938,39 €	0,00 €	56.938,39 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	764,72 €		764,72 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	764,72 €	0,00 €	764,72 €
TOTAL	57.703,11 €	0,00 €	57.703,11 €





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*"

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura a quenda de intervencións respecto do punto en cuestión.

O concelleiro D. José Luís Rivas, pregunta se para este ano 2022 ¿existen previsións xerais de gasto social por escrito? ¿Poderíame desglosar máis cada un dos gastos? ¿Inclúe gastos para persoal de reforzo no servizo de SAF-Dependencia? No caso de que se inclúa ¿iso implica que o financiamento deste servizo é insuficiente por parte da administración que o subvenciona e por iso se emprega o POS da deputación da Coruña como reforzo?

A Alcaldía - Presidencia indica que este POS ADICIONAL reduciuse por parte da Deputación un 50% respecto do ano pasado. Este ano incluímos reforzo de persoal efectivamente no servizo de SAF, 2 auxiliares durante 9 meses, na Residencia, 1 auxiliar durante 7 meses, a contratación dunha fisioterapia externa e un pequeno investimento de adquisición dunha grúa asistencial para servizos sociais. Respecto da primeira pregunta indicar que non temos por escrito ningunha previsión de gasto de servizos sociais para todo o ano pero o que poido dicir é que o contido deste plan esta consensuado na súa integridade cos servizos sociais.

O concelleiro D. José Luís Rivas, toma de novo a palabra e pregunta a fisio que se inclúe e se pretende contratar ¿que é para prestar servizo para a xente de fora?

A Alcaldía - Presidencia responde indicando que si. O ano pasado xa se prestou este servizo e este ano queremos continuar con el.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR: (5)**

- Dña. María Jesús Novo Gómez; Dna. Patricia Taboada García; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; D. Javier Costoya Souto. (5)

- **ABSTENCIÓN: (5)**

- Dna. Sandra Sánchez Iñiguez; D. José Antonio Somoza Enjamio e Dna. Ana Ledo Fernández (3)
- D. José Luís Rivas Cruz; Dna Ana María Aguión Sandá (2)

- **EN CONTRA: (0)**

"ACORDO

ACUNTO:

APROBACIÓN SOLICITUDE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2022"

Vista a circular da Deputación Provincial de A Coruña con entrada neste concello en decembro de 2021 para elaborar o POS+ ADICIONAL 1/2022 (Plan único de Concellos).

Tendo presente o informe da intervención sobre gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

En consecuencia do exposto, elevo ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)


Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	57703,11
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	57703,11

(Cada unha das partidas deste Anexo, nos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	4.000,00 €		4.000,00 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	41.414,18 €		41.414,18 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	11.524,21 €		11.524,21 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.			0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	56.938,39 €	0,00 €	56.938,39 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	764,72 €		764,72 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	764,72 €	0,00 €	764,72 €
TOTAL	57.703,11 €	0,00 €	57.703,11 €





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía - Presidencia, levántase a sesión, a data e hora indicada no encabezado da presente acta, da que se estende a presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Boimorto, 07.02.2022.

A alcaldesa, Asdo.- María Jesús Novo Gómez	O Secretario, Asdo.- Jorge Boado Fernández
---	---

